

## RESOLUCIÓN REITORAL, DO 10/11/2021, POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 14/01/2020, POLA QUE SE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DOS SERVIZOS CENTRAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E AS COMPETENCIAS DOS SEUS ÓRGANOS DIRECTIVOS

O artigo 5.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que corresponde a cada Administración pública, no seu propio ámbito de competencias, delimitar as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

Os órganos unipersoais centrais da nosa universidade aparecen descritos nos artigos 13, 20, 21, 22 e 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e nos artigos 22 e 35 a 40 dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro).

Esta normativa asígnalles aos reitores das universidades unha parte importante das competencias que a autonomía universitaria lles confire aos órganos universitarios e deixa á súa vontade a determinación discrecional do número e ámbito de competencias das vicerreitorías. A nova composición do equipo de goberno resultante das eleccións do día 04-12-2019 obrigou a adaptar, mediante a Resolución reitoral do 14-01-2020, a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña, en que se especificaban as súas competencias para unha maior claridade e seguridade xurídicas.

Co obxecto de cumprir o que está disposto no artigo 74 do EBEP, no artigo 38 da Lei do emprego público de Galicia e no artigo 92 dos Estatutos da UDC, presentouse unha proposta de nova relación de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos da UDC. Logo do proceso de negociación colectiva, a proposta inicial de RPT foise modificando ao longo das diversas reunións mantidas de tal xeito que culminou coa presentación do proxecto ante o Consello de Goberno e Consello Social da UDC o día 22-07-2021, e coa aprobación deses dous órganos colexiados.

A dita aprobación e o informe favorable estaban condicionados á posterior autorización da Consellería de Facenda e á súa relación co límite máximo de masa salarial, segundo o que está establecido no capítulo IV (artigos 34-36), "Universidades" do Título II, "Gastos de persoal", da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (DOG núm. 19, 29-01-2021). Esta autorización recibíuse o día 18-10-2021.

| Código Seguro De Verificación | qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso                                                                                                              | Asinado | 10/11/2021 13:34:31 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 1/3                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==">https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



Así pois, unha vez recibida a dita autorización é necesario que a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC ampare e acolla as previsións e obxectivos aprobados xunto coa RPT xa autorizada e, por tanto, modificar a resolución reitoral vixente nos apartados necesarios para tal finalidade: en concreto, o apartado 5 do artigo 3 e o apartado 3 do artigo 4.

A continuación, a RPT enviarase para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Desde ese momento entrará en vigor, mais a súa implantación realizarase progresivamente, en función dos procesos de provisión dos postos de carácter voluntario e logo da negociación coa representación do persoal.

De acordo con isto, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 8 a 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os Estatutos desta universidade e as demais disposicións de aplicación xeral, RESOLVO:

Aprobar a modificación dos apartados que figuran no anexo a esta resolución, da estrutura orgánica dos seus servizos centrais e as competencias que están contidas no anexo.

Esta disposición entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao que establece esta resolución.

O reitor

Julio Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso                                                                                                              | Asinado | 10/11/2021 13:34:31 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 2/3                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==">https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |



## ANEXO

**Artigo 3.** Da Xerencia

5. Baixo a dependencia directa da Xerencia, situaranse as seguintes unidades:

- Vicexerencia de Coordinación
- Vicexerencia de Economía e Finanzas
- Servizo de Xestión Financeira
- Servizo de Control Interno
- Servizo de Contratación Administrativa
- Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
- Servizo de Persoal de Administración e Servizos
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Servizo de Distribución e Transporte
- Vicexerencia de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación
- Equipo de Xestión da Investigación (EXI)
- Servizo de Investigación (SERIN)
- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)

A Vicexerencia de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación e as tres unidades que dependen desta (EXI, SERIN e OTRI) teñen dependencia orgánica da persoa que ocupe a Xerencia e dependencia funcional da persoa que ocupe a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

**Artigo 4.** Competencias da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.

3. Baixo a dependencia directa da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia sitúanse as seguintes unidades:

- Servizos de Apoio á Investigación (SAI)
- Centros tecnolóxicos:
  - Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC)
  - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)
  - Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)
  - Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)
- Servizo de Biblioteca Universitaria

| Código Seguro De Verificación | qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso                                                                                                              | Asinado | 10/11/2021 13:34:31 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 3/3                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==">https://sede.udc.gal/services/validation/qfF+EzapD8k4zQKIHiY8ow==</a> |         |                     |
| Normativa                     | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).               |         |                     |

